Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 13 de decembro de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3917

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non se presentaren alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de data 10 de novembro de 2023, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 2338/2023 do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado por anulacións ou baixas doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducíbeis sen perturbación do respectivo servizo, que se fai público resumido por capítulos tras as modificacións operadas:

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	CRÉDITOS INICIAIS	MODIFICACIÓNS	CRÉDITOS DEFINITIVOS
1	GASTOS DE PERSOAL	3.132.224,29	49.310,36	3.181.534,65
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	3.643.758,24	567.967,91	4.211.726,15
3	GASTOS FINANCEIROS	14.400	0	14.400
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	694.600,98	-7.933,59	686.667,39
5	FONDO DE CONTINXENCIA OUTROS IMPREVISTOS	52.805,50	0	52.805,50
6	INVESTIMENTOS REAIS	0	4.008.878,74	4.008.878,74
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0	120.000,00	120.000,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	18.000,00	0	18.000,00
	TOTAL	7.555.789,01	4.738.223,42	12.294.012,43

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	PREVISIÓNS INICIAIS	MODIFICACIÓNS	PREVISIÓNS DEFINITIVAS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.583.727,99	0	2.583.727,99
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	55.000,00	0	55.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.423.590,04	0	1.423.590,04
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.566.060,98	277.105,08	3.843.166,06
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00	0	100,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	132.382,59	10.018,80	142.401,39
8	ACTIVOS FINANCEIROS	18.000,00	4.451.099,54	4.469.099,54
	TOTAL	7.778.861,60	4.738.223,42	12.507.085,02

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, as persoas interesadas poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, a teor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido a interposición de dito recurso non suspenderá a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Burela, 13 de decembro de 2023.- A ALCALDESA, MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO.

LUGO

Anuncio

APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PLAN DE DESPREGUE DA REDE DE DISTRIBUCIÓN URBANA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA (DISTRICT HEATING) MEDIANTE ENERXÍAS RENOVABLES Á CIDADE DE LUGO, APROBADO POR DECRETO DA ALCALDÍA 5700/2023, DO 16 DE XUÑO. Expediente 2023/U026/000001.

Con data 12.01.2023 ten entrada no Rexistro Xeral deste concello unha solicitude, presentada por Lugo Eco Energías, SLU, para a tramitación da ampliación do Plan de Despregue da Rede de Distribución Urbana para subministración de Enerxía Térmica (*district heating*) mediante enerxías renovables á Cidade de Lugo, no cal se define o deseño e dimensionado para a construción dunha Rede de Distribución Urbana, District Heating (DH), de auga quente para calefacción e preparación de auga quente sanitaria, para un conxunto de bloques de vivendas e para edificios de calquera actividade públicos ou privados. A produción para a subministración de enerxía eléctrica utilizará basicamente unha fonte de enerxía renovable, a biomasa.

A solicitude de ampliación tramitouse co número de expediente 2023/U026/000001 e o seu obxecto é incorporar ao Plan de despregue aprobado novos tramos para dar subministración a edificios non contemplados no plan inicial dada a súa proximidade co trazado autorizado, no documento nomeado "Anexo al Plan de despliegue de la red de distribución urbana para suministro de energía térmica (*district heating*) mediante energías renovables a la ciudad de Lugo. Fase I". A dita ampliación abrangue 24 tramos novos de rede de distribución urbana e 73 acometidas previstas na memoria do proxecto de ampliación.

Consta que o titular e promotor da ampliación do Plan de Despregue da Rede de Distribución Urbana para subministración de Enerxía Térmica (*district heating*) mediante enerxías renovables á Cidade de Lugo, é o mesmo que promoveu o Plan de despregue inicial aprobado por Decreto da Alcaldía 7743/22, do 28 de xullo; é dicir, Lugo Eco Energías, SLU, o cal reitera que o fundamento da promoción da dita actuación atópase no feito de que se trata dunha actuación dirixida a reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro, a mellorar a eficiencia enerxética e á implantación de enerxías renovables en substitución de combustibles fósiles.

Con data 18.03.2023 Lugo Eco Energías, SLU presenta documentación adicional aclaratoria así como corrección de erros da documentación presentada inicialmente.

Á vista de que a documentación achegada para efectuar a ampliación do plan de despregue informouse de xeito favorable, de acordo cos informes emitidos polo Servizo de Arquitectura e o Servizo de Enxeñería municipais, de datas 12 e 20 de abril de 2023 e polo Servizo de Arqueoloxía, do 05.06.2023, de conformidade coas atribucións conferidas á alcaldesa no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a normativa específica de aplicación, segundo as atribucións delegadas pola Alcaldía no Decreto 5756/2023, do 21 de xuño, rectificado por Decreto 7343/2023, do 22 de agosto, dispúxose a aprobación da ampliación do Plan de Despregue da Rede de Distribución Urbana para subministración de Enerxía Térmica (*district heating*) mediante enerxías renovables á cidade de Lugo, presentada por Lugo Eco Energías, SLU, a través do Decreto da Alcaldía 5700/2023, do 16 de xuño, cuxa parte dispositiva ten o seguinte teor literal:

"PRIMEIRO.- Aprobar a AMPLIACIÓN do Plan de despregue da Rede de Distribución Urbana para subministración de Enerxía Térmica (DISTRICT HEATING) mediante enerxías renovables á Cidade de Lugo aprobado por Decreto de Alcaldía 7742/2022 de data do 28 de xullo de 2022, presentado por LUGO ECO ENERGIAS SLU con data do 12 de xaneiro de 2023, conforme á documentación técnica presentada con data do 18 de marzo de 2023, cos condicionantes indicados nos informes emitidos polo servizo de Arquitectura e Enxeñería con data do 12 e 20 de abril de 2023 respectivamente, e polo Servizo de Arqueoloxía de data do 5 de xuño de 2023, e suxeito ás condicións previstas na normativa sectorial de aplicación, nas autorizacións sectoriais, na lexislación urbanística e nas demais disposicións en vigor aplicables.

Os **24 TRAMOS** nos que se prevé a ampliación da rede previstos na memoria do proxecto presentado con data do 18 de marzo de 2023 (que modifica o trazado grafado na documentación presentada con data do 12 de xaneiro de 2023). cunha lonxitude total **de 2.107,86 metros**, son os seguintes:

TRAMO	LONXITUDE (m)	DIÁMETRO (mm)	DESCRIPCIÓN
TRAMO 4.1	188,51	50	Rúa Reiseñor - Rúa Flor de Malva
TRAMO 4.2	60,00	100	Avenida Paulo Fabio Máximo
TRAMO 4.3	24,50	50	Rúa Hortensia
TRAMO 4.4	53,50	50	Rúa Margarida
TRAMO 4.5	21,30	50	Avenida Garabolos
TRAMO 5.1	64,00	100	Rúa Ferreiriño
TRAMO 5.2	81,50	50	Rúa Ferreiriño - Rúa Túnel de Oural
TRAMO 6.1	182,30	80	Rúa Angelo Colocci
TRAMO 6.2	135,80	65	Rúa Angelo Colocci
TRAMO 6.3	178,50	50	Rúa Lavandeira - Rúa Gallego Tato
TRAMO 6.4	77,30	50	Rúa Luis Ameijide
TRAMO 7.1	81,40	50	Rúa San Isidro Labrador
TRAMO 7.2	50,00	65	Rúa do Franco
TRAMO 7.3	22,10	50	Rúa do Franco
TRAMO 8.1	33,19	100	Rúa Otero Besteiro
TRAMO 8.2	86,10	80	Rúa Otero Besteiro
TRAMO 8.4	141,40	65	Camiño de Pipín - Rúa Mar Cantábrico- Rúa Vázquez Queipo
TRAMO 8.5	41,06	50	Rúa Vázquez Queipo
TRAMO 8.6	40,00	80	Rúa Anselmo Sampedro Ania
TRAMO 9.1	308,10	80	Rúa Poeta Curros Enríquez
TRAMO 9.2	91,50	65	Camiño Real
TRAMO 9.3	47,60	50	Camiño Real
TRAMO 9.4	23,70	50	Rúa Illas Cíes
TRAMO 9.5	74,50	50	Rúa Mallorca
TOTAL	2.107,86		

A ditos tramos principais (24) é preciso engadir as **73 acometidas** (tramos derivados), previstas na memoria do proxecto de ampliación presentado con data do 18 de marzo de 2023, que se reparten entre os **9 tramos** do Plan de Despregue aprobado por Decreto de Alcaldía 7742/2022 de data do 28 de xullo de 2022 e os **24 tramos anteriormente sinalados**, e que representan unha extensión de **219 metros de canalizacións**, afectando a diferentes de tramos de rúas do Concello de Lugo, todas elas en solo urbano consolidado e que se identifican na taboa recollida no informe emitido polo Servizo de Enxeñería de data do 20 de abril de 2023.

SEGUNDO.- Indicar ó interesado que, para poder iniciar a execución das obras contidas na Ampliación Plan de Despregue da **Rede de Distribución Urbana para subministración de Enerxía Térmica (DISTRICT HEATING) mediante enerxías renovables á Cidade de Lugo aprobado por Decreto de Alcaldía 7742/2022 de data do 28 de xullo de 2022**, o promotor deberá aportar, unha vez aprobado éste, os correspondentes **proxectos de obras ordinarias ou proxectos de execución**, que deberán conter todos os documentos preceptivos e necesarios, onde se describan as obras, instalacións proxectadas e servizos afectados co suficiente detalle e se xustifique a normativa que resulte de aplicación, así como todos os condicionantes reflectidos nos informes municipais emitidos polo Servizo de Arquitectura, Enxeñería e Arqueoloxía e favorables á Ampliación do Plan de Despregue referido e transcritos na parte expositiva da presente resolución. En calquera caso, deberán seguir a tramitación administrativa que corresponda para a súa aprobación e dispoñer das autorizacións sectoriais que resulten preceptivas.

TERCEIRO.- Notificar ó interesado a presente resolución e proceder á publicación oficial da **Ampliación do Plan de despregue da Rede de Distribución Urbana para subministración de Enerxía Térmica (DISTRICT HEATING) mediante enerxías renovables á Cidade de Lugo aprobado por Decreto de Alcaldía 7742/2022 de data do 28 de xullo de 2022**, no portal web do Concello de Lugo, www.lugo.gal, na **sede electrónica**, así coma no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**, para o coñecemento xeral do mesmo, con indicación de que contra a presente resolución, que pon fin fin á vía administrativa, pode interponer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se poidera estimar mais convinte o seu dereito.

Lugo, 10 de decembro de 2023.- Tenenta de alcaldesa, delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3909

RIBADEO

Anuncio

APERTURA DE PRAZO DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO CONCELLO DE RIBADEO PARA AS ÁREAS DE REHABILITACIÓN DE RIBADEO E RINLO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da lei 38/2003, de 17 de novembro, publícase o texto íntegro da convocatoria, cuxo texto íntegro completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>).

Aprobadas por Resolución da Alcaldía número 2023-1265 de data 29.11-2023 a proposta de modificación das bases reguladoras da convocatoria polo sistema de concorrencia competitiva de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbanas do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, plan Estatal de Vivenda 2018/2021. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, co seguinte tenor literal:

“MODIFICACION DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA POLO SISTEMA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE RIBADEO E DO NÚCLEO DE RINLO, PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018/2021. PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL

Vistos os acordos da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro do 2021, anualidade 2021, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, asinados entre o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (IGVS) e o Concello de Ribadeo ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021, programa de fomento e da rexeneración e renovación urbana e rural para o financiamento das distintas ARRUs declaradas no termo municipal.

Visto o Decreto número 2023-0268 das solicitudes aprobadas para obter subvención ao abeiro da convocatoria publicada no BOP de Lugo número 073 do mércores 30 de marzo de 2022, que para o ARI de Ribadeo 14ª fase foron dez solicitudes (para un total de doce actuacións) e para o ARI de Rinlo 7ª fase tres (para un total de tres actuacións), non superando o número de vivendas obxecto de subvención inicial recollidas nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021 (18 vivendas para o ARI de Ribadeo e 8 para o ARI de Rinlo).

Tendo en conta tamén o financiamento aprobado polo Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana e a Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (IGVS) recollido nos citados acordos, o prazo de execucións das actuacións, e resultando que existe un remanente de financiamento **tanto para o ARI de Ribadeo 14ª fase como para o ARI de Rinlo 7ª fase**, segundo o seguinte cadro:

AREA DE REXENERACION E RENOVACION URBANA	Nº DE NOVAS ACTUACIONES A SUBVENCIONAR	REMANENTE - ACHEGA DO MINISTERIO DE FOMENTO	REMANENTE - ACHEGA DA XUNTA DE GALICIA
RIBADEO 14ª FASE	6	61.372,49 €	3.352,60 €
RINLO 7ª FASE	5	27.409,44 €	3.881,82 €

A vista do exposto, propónse a modificación das bases de referencia do seguinte artigo, cuxo texto modificado queda do seguinte xeito:

ARTIGO 11. PROCEDIMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado ANEXO I, no rexistro do Concello de Ribadeo, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de **dous meses** a partir do día seguinte á publicación da presente modificación de bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CLAUSULA FINAL.

Esta modificación de bases reguladoras entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación.”

Poderase consultar tamén o texto íntegro desta modificación das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e a través da Sede Electrónica do Concello (<https://ribadeo.sedelectronica.gal>).

O que se fai público comunicándose que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Nembargantes poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso postestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Ribadeo, 12 de decembro de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.

R. 3910

O SAVIÑAO*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 12/12/2023 (Decreto 2023-0477) procedeuse á aprobación de expediente de permuta dos seguintes bens inmobles: 2 camiños desafectados, propiedade do Concello de O Saviñao:

* CAMIÑO 1: tramo de camiño identificado coa referencia catastral 27058A162090060000UM (POLÍGONO 162 - PARCELA 9006), unha superficie de suelo de 835 m2 (dun total de 1.279 m2), sito na zona de Arxeriz.

* CAMIÑO 2: camiño identificado coa referencia catastral 27058A162090090000UR (POLÍGONO 162 - PARCELA 9009), cunha superficie de suelo de 164 m2, sito na zona de Arxeriz. Valoración 2 camiños: 2.997 euros.

- Polo seguinte ben inmueble: finca CABO DO MONTE, parcela con referencia catastral 27058A163001580000UI de 5.646 m2 (Polígono 163 Parcela 158), propiedade de FUNDACION XOSE SOTO DE FION con NIF G27224245. Valoración finca: 2.997 euros.

Durante o prazo de quince días hábiles está exposto ao público o citado expediente na Secretaría deste Concello a efectos de que poida ser examinado e durante o dito prazo presentar as reclamacións que se consideren oportunas.

No suposto de que non se presenten reclamacións o expediente entenderase aprobado definitivamente.

O Saviñao, 13 de decembro de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3911

XOVE*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 15/2023**

Tendo sido aprobado polo Pleno deste Concello o Expediente de Modificación de Créditos nº 14/2023 de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, por acordo adoptado en sesión celebrada o 9 de outubro de 2023, non tendo sido presentada ningunha reclamación ao mesmo, dando cumprimento ao que dispón o artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito expediente ascende a NOVENTA E SETE MIL EUROS (97.000,00 €) quedando o Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento Xeral para 2023 como de seguido se reflicte:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	3.591.957,03
2	Gastos en bens correntes e servicios	3.688.222,27
3	Gastos financeiros	3.000,00
4	Transferencias correntes	527.100,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	3.088.073,14
	TOTAL GASTOS	<u>10.898.352,44</u>

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	3.924.000,00
2	Impostos indirectos	1.400.000,00
3	Taxas e outros ingresos	588.104,20
4	Transferencias correntes	1.635.687,83
5	Ingresos patrimoniais	32.680,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	445.526,46
8	Activos financeiros	2.872.353,95
	TOTAL INGRESOS	<u>10.898.352,44</u>

Segundo dispón o artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Texto Refundido, contra este Expediente poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Xove 11 de decembro de 2023.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3912

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. DIRECCIÓN TÉCNICA

Anuncio

LEVANTAMIENTO DE LAS ACTAS PREVIAS A LA OCUPACIÓN Y ACTAS DE OCUPACIÓN RELATIVAS A BIENES Y DERECHOS AFECTADOS POR EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL "PROYECTO CONSTRUCTIVO DE NUEVA EDAR Y EMISARIO PARA EL POLÍGONO INDUSTRIAL DE REBOREDO, T. M. DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO), PDM MIÑO-SIL ES010_2_ALCH0SBET29UR2024".

CLAVE: M1.327-033/2111.

Por Resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil de fecha 15 de mayo de 2023, se acordó someter a información pública el proyecto, a los efectos previstos en el artículo 83 de la Ley 39/2105, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, así como la relación de bienes y derechos de necesaria ocupación, en virtud de lo establecido en los artículos 18 de la Ley de Expropiación Forzosa y 17 de su Reglamento. Esta última se incluye como anexo al presente documento.

Para la ejecución de las citadas obras se declaró la urgente ocupación de los bienes y derechos afectados mediante acuerdo del Consejo de Ministros de 5 de septiembre de 2023, siendo por tanto de aplicación la normativa que establece el artículo 52 de la vigente Ley de Expropiación Forzosa de 16 de diciembre de 1954 y concordantes de su Reglamento, de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, esta Confederación Hidrográfica, en virtud de las atribuciones que tiene conferidas y haciendo uso de las facultades que le otorga el artículo 98 de la Ley de Expropiación Forzosa y atendiendo a lo señalado en las reglas 2ª y 3ª de su artículo 52, ha resuelto convocar a los titulares afectados, conforme se les notifica en las correspondientes cédulas individuales y en los anuncios publicados en los diarios "EL POGRESO" y "LA VOZ DE GALICIA", en el Boletín Oficial del Estado y en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, para que previo traslado a las fincas de ser ello necesario, se proceda al levantamiento de las Actas previas a la ocupación y Actas de ocupación en el lugar, fechas y horas que a continuación se indican:

LUGAR	FECHA	HORAS
Oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil en Monforte La Pinguela, s/n 27400 Monforte (Lugo)	25 enero de 2024	10:00 a 13:30 h y 16:00 a 16:45

La relación de bienes y derechos afectados fue publicada en el Boletín Oficial del Estado de 19 de mayo de 2023, en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo el 23 de mayo y una corrección de errores el 24 de mayo de 2023, y en el diario "El Progreso" del día 30 de mayo de 2023, pudiendo haber sido examinada, junto con los planos parcelarios, en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil en Lugo (Ronda de la Muralla, nº 131, 2ª planta, 27071 - Lugo) y en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

Al acto concurrirán los afectados personalmente o bien sus apoderados, provistos de su Documento Nacional de Identidad, cartilla bancaria de los titulares y fotocopia de la documentación acreditativa de la titularidad, pudiéndose acompañar de sus peritos y un notario, cuyo coste será a su cargo.

Conforme establece el artículo 56.2 del Reglamento de Expropiación Forzosa, hasta el momento en que proceda al levantamiento de las citadas Actas previas a la ocupación, los interesados podrán formular, por escrito, ante esta Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (C/ Curros Enríquez, nº4, 2ª planta, 32003 Ourense) alegaciones a los solos efectos de subsanar posibles errores que se hayan producido al relacionar los bienes afectados por la urgente ocupación.

Ourense, 14 de decembro de 2023.- EL PRESIDENTE, José Antonio Quiroga Díaz.

R. 3905